

INSTRUCCIÓN 4/2025 da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación en relación ao documento «anexo III» das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral 2025 (códigos de proxecto ED481B e IN606B).

A Orde do 26 de decembro de 2024 (DOG núm. 21, do día 31.01.2025) estableceu as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral para o ano 2025. En outras cuestións, en relación ao desenvolvemento de estadias esta orde dispón:

—No artigo 5.5.c) das bases da convocatoria, que *«a persoa contratada non poderá realizar as estadias no país de nacemento, no de nacionalidade, naquel en que obtivo o título de licenciatura, grao ou equivalente ou o de doutoramento que lle deu acceso ao programa»*.

—En relación ao anterior, o artigo 7.1.a) establece que as entidades interesadas deberán achegar con cada solicitude un documento asinado pola persoa candidata a ser destinataria da axuda segundo o anexo III no que, entre outros aspectos, se faga constar *«que o plan de estadias que se propón non se desenvolve no país de nacemento, no de nacionalidade, naquel en que obtivo o título de licenciatura, grao ou equivalente ou o de doutoramento que lle deu acceso ao programa»*.

No apartado 6 do citado anexo III, en relación ao plan de estadias, figura a seguinte declaración:

«Que o plan de estadias que propón non se desenvolve no seu país de nacemento, no de nacionalidade, naquel no que obtivo o título de licenciatura, grao ou equivalente ou o de doutoramento que lle deu acceso ao programa, ou nun país no que desenvolveu actividade investigadora posdoutoral durante máis de 3 meses.»

Deste xeito, a última cláusula da declaración citada (subliñada no parágrafo anterior) non forma parte do disposto nas bases da convocatoria e, polo tanto, non será tida en conta a declaración que recolle o anexo III e deberá ser asinada polas persoas candidatas a estas axudas sen que se teña en conta o cumprimento da cláusula citada: *"...ou nun país no que desenvolveu a actividade investigadora posdoutoral durante máis de 3 meses."*

Polo tanto, as persoas candidatas a esta convocatoria poderán propoñer a realización de estadias en países nos que desenvolveran actividade investigadora posdoutoral previa durante máis de 3 tres meses. Non obstante, as ditas estadias deberán a terse ás limitacións dispostas no artigo 2.2.c) das bases da convocatoria.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

A directora da Axencia Galega de Innovación

Carmen Cotelo Queijo

